



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencvms/gl/index.html>

2026/E001/000005

Ref.: LLA

RESOLUCIÓN DE CONVOCATORIA E BASES PARA A CONTRATACIÓN DE DOUS/DÚAS (2) PEÓNS/PEOAS AO ABEIRO DA CONVOCATORIA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO PARA O ANO 2026

ANTECEDENTES DE FEITO

A Orde do 22 de xaneiro de 2026 establece as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Galicia Suma Talento: Rural Activo) e procede a convocar as mesmas para o exercicio do ano 2026 (DOG núm. 24, do 05/02/2026).

Ao abeiro desta convocatoria este concello obtivo unha achega para a contratación de diverso persoal -dous (2) peóns/peoas, durante nove meses, a xornada completa-, concedida por Resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia (expediente TR351G-2026-000000079-01).

A concelleira-delegada da Área de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá, en virtude do disposto no Decreto núm. 2000/2024, do 4 de novembro, de delegación de competencias nos membros da Corporación Municipal (BOP núm. 216, do 08/11/2024), ditou a providencia de inicio do procedemento, que leva data do 27/05/2026.

No expediente obra a proposta de bases efectuada asinada pola concelleira-delegada de Área o 02/06/2026.

Segundo a Orde da convocatoria as contratacións terían como prazo límite para a súa formalización o 01/07/2026. Non obstante, obtívose autorización de prórroga deste prazo, que queda fixado para o 15/07/2026.

A técnica de administración xeral (TAX) encargada da tramitación do procedemento emitiu un informe xurídico favorable que leva data do 03/06/2026.

Pola súa vez, a Intervención Municipal emitiu o informe de fiscalización núm. 323/2026, do 15 de xuño, de reparo suspensivo.

Mediante decreto nº 1187/2026, do 18 de xuño, levantouse reparo suspensivo da Intervención municipal (expte. 2026/G003/001315).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O referido informe da TAX, nos seus apartados II e III, sinala:

“II. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira. A exposición de motivos da Orde do 5 de marzo de 2025, antes citada, no que aquí interesa, sinala:

Mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro, esta comunidade autónoma asumiu as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado relativos á xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego no ámbito do traballo, o emprego e a formación e, a través do Decreto



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencvms/gl/index.html>

2026/E001/000005

Ref.: LLA

42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, correspóndelle a esta o exercicio das competencias e funcións relativas á xestión das políticas activas de emprego.

Corresponde, pois, á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, para o exercicio orzamentario 2026 a xestión das subvencións e axudas públicas das políticas activas de emprego, entre as que están as medidas dirixidas por unha banda, a fomentar a creación de emprego de calidade e por outra, a incrementar a empregabilidade das persoas desempregadas, mellorando as condicións do mercado de traballo, no marco da Estratexia europea para o emprego, do Programa nacional de reformas e do respectivo plan anual de fomento do emprego digno (PAFED).

As recomendacións da UE en materia de emprego diríxense a que os Estados membros deben descentralizar a xestión das políticas de emprego, de forma que estas se acheguen e adecúen ás necesidades concretas de cada territorio e á realidade do mercado de traballo local co fin de acadar unha estratexia de acción común. Estas directrices poñen especial fincapé na importancia da creación de postos de traballo no ámbito local desde a perspectiva de que existen novos viveiros de emprego susceptibles de xerar novos postos de traballo, e no ámbito local é onde se atopan as maiores posibilidades de detección e aproveitamento en beneficio do emprego.

Entre as competencias que en materia laboral corresponden a esta comunidade autónoma, conforme o establecido no artigo 29.1 do Estatuto de autonomía de Galicia, está a de promoción do emprego. Para lograr a converxencia con España e a Unión Europea, Galicia debe aumentar a súa taxa de emprego, mellorando as condicións de empregabilidade e proponendo oportunidades de integración social e laboral, especialmente entre aqueles grupos que teñen unha menor participación no mercado de traballo e que presentan un maior risco de exclusión e, consecuentemente, maiores dificultades para a súa inserción social e laboral.

(...)

Así, este programa trata de dar un enfoque global ás liñas de fomento do emprego público ou institucional, desde a dobre perspectiva de, por unha banda servir de ferramenta para a mellora da empregabilidade, a través da adquisición de experiencia profesional das persoas traballadoras desempregadas que participen neles e, por outra, de apoiar as entidades locais na prevención dos incendios forestais, así como na dinamización e xeración de novas actividades no medio local e rural que axuden á súa preservación. (...)"

Segunda. A Lei 3/2023, do 28 de febreiro, de emprego, no apartado 1 da súa disposición adicional novena, establece o seguinte: *"1. Las Administraciones públicas y, en su caso, las entidades sin ánimo de lucro podrán realizar contratos vinculados a programas de políticas activas de empleo previstos en esta ley con las personas participantes en dichos programas.*

La duración de estos contratos no podrá exceder de doce meses y, en el caso de la contratación realizada por Administraciones públicas, los procesos de selección deberán observar los principios de igualdad, mérito y capacidad".

As entidades locais non dispoñen de competencias para a xestión deste tipo de políticas logo da supresión do artigo 28 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) polo artigo 1.11 da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local (O citado artigo 28 foi dotado de contido polo Real decreto-lei 6/2023, do 19 de decembro, pero sen que teña relación coa redacción anterior).

Polo tanto, a posibilidade que se abre coa DA 9ª do TRLE está limitada para os concellos, xa que os



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

2026/E001/000005

Ref.: LLA

contratos deste tipo que subscriban deberán estar vinculados a plans de emprego autonómicos ou estatais, o que ocorre no caso obxecto do presente informe.

Terceira. A modalidade de contratación a utilizar será a que sinalan tanto o artigo 15.1 da mencionada Orde e maila resolución de concesión da subvención, que somete a percepción do importe económico da achega a tres condicións. O contido das dúas primeiras é o seguinte:

“1ª.- A selección das persoas traballadoras realizarase na forma prevista no artigo 14 da orde de convocatoria e para a contratación, segundo o establecido no artigo 15, empregarase exclusivamente a modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego (código de contrato 405). Os contratos de traballo subscritos deberán comunicarse necesariamente a través da aplicación CONTRAT@, marcando a opción específica “interese social corporacións locais” que figura no punto “Datos específicos do contrato”.

2ª.- A data límite para formalizar a/as contratación/s é o día 1 de xullo de 2026. Excepcionalmente, cando concorran causas debidamente xustificadas, este departamento territorial poderá autorizar o inicio do servizo con posterioridade, previa solicitude para o efecto da entidade subvencionada.”

Cuarta. A Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2023 (LOXE 2023), prorrogada para sucesivamente para os anos 2024, 2025 e 2026, ao igual que as leis de anos precedentes, establece restricións á contratación de persoal temporal a aos nomeamentos de persoal estatutario temporal e de persoal funcionario interino, limitando esas posibilidades a casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables (artigo 20.Cinco, de carácter básico e aplicable a todas as administracións públicas, como sinala o apartado Nove do indicado precepto).

Esta restrición á incorporación de persoal temporal está orientada a reducir o gasto público e a temporalidade das contratacións nas administracións públicas con carácter xeral, pero esta finalidade non é aplicable en casos como o presente no que as contratacións perseguen fundamentalmente o fomento do emprego das persoas con dificultades de inserción do mercado de traballo.

Quinta. As bases da convocatoria respectan as esixencias da citada Orde, e o proceso selectivo que se contempla nas bases intenta respectar os principios de igualdade, publicidade, mérito e capacidade, na medida en que se avaliará as persoas candidatas mediante exercicio/s puntuados por unha comisión de selección composta por cinco membros, e que se publicarán no taboleiro electrónico do concello os anuncios coas cualificacións e proposta de contratación, lista de espera, etc. Polo tanto, na medida na que non se busca con esta convocatoria a incorporación de empregado público propio, intenta contemplarse e salvagardarse os principios que debe rexer todo proceso selectivo das administracións públicas, ao abeiro da DA 9ª da Lei 3/2023, do 28 de febreiro, de emprego. En vista do exposto, infórmase favorablemente as bases da convocatoria.

Sexta. A atribución para aprobar o expediente corresponde, de inicio, á Alcaldía, en virtude do establecido no artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL). Porén, a través do Decreto núm. 2000/2024, do 4 de novembro, de delegación de competencias nos membros da Corporación Municipal (BOP núm. 216, do 08/11/2024) esta competencia, entre outras, foi delegada na concelleira-delegada da Área de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá.

III. CONCLUSIÓN

a) Infórmase favorablemente a proposta de bases de selección e a modalidade de contrato de traballo a utilizar, nos termos antes indicados.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

2026/E001/000005

Ref.: LLA

b) Correspóndelle á concelleira-delegada de Área, por delegación da Alcaldía, efectuar a convocatoria, aprobar as bases e ditar as demais resolucións precisas no seo do procedemento.”

A través do Decreto da Alcaldía núm. 1191/2026 foi designada para a substitución no desempeño das funcións de alcaldesa o día 19 de xuño de 2026 Elena López Seco, segunda tenente de alcalde.

Por todo iso, a través do presente decreto, RESOLVO:

1º) Efectuar a convocatoria para a selección de dous (2) peóns/peoas, durante nove meses, a xornada completa, ao abeiro da Orde do 22 de xaneiro de 2026 establece as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Galicia Suma Talento: Rural Activo) e procede a convocar as mesmas para o exercicio do ano 2026 (TR351G).

2º) Aprobar as bases reguladoras da convocatoria, que teñen a seguinte redacción:

“BASES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE PERSOAL NO MARCO DA ACTUACIÓN DE FOMENTO DO EMPREGO no medio rural, programa GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO

1. Obxecto da convocatoria.

O obxecto da presente convocatoria é dar cobertura ao proceso de selección de dúas (2) persoas coa categoría profesional de peón/peoa, en cumprimento da subvención concedida ao concello para a referida contratación ao abeiro da Orde do 22 de xaneiro de 2026, publicada no DOG (art. 14 da Orde do 22 de xaneiro de 2026, DOG núm. 24, do 05/02/2026) (GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO) co número de expediente TR351G-2026-00000079-01. Afecta unicamente a aquelas persoas que remita a Oficina de Emprego das Pontes, nos termos das bases Cuarta, Quinta e concordantes.

2. Período e modalidade de contratación e retribucións.

A duración do contrato establécese en nove meses, a xornada completa. A modalidade de contratación é a de contrato de traballo temporal vinculado a programas de políticas activas de emprego (código do contrato 405), ao abeiro do disposto no apartado 1 da disposición adicional novena do texto refundido da Lei 3/2023, do 28 de febreiro, de emprego). A retribución é a que obra no expediente.

3. Sistema de selección.

O sistema de selección é o de oposición.

4. Requisitos das persoas aspirantes.

Os aspirantes deben cumprir os requisitos que se expoñen a continuación:

a) Ter cumpridos os 16 anos de idade.

b) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal exercicio da función (capacidade funcional).



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

2026/E001/000005

Ref.: LLA

- c) Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- d) Non ter sido separada mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidade Autónoma ou Administración Local, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- e) Estar inscrita no Servizo Público de Emprego.
- f) Cumprir todos e cada un dos requisitos establecidos pola Orde da convocatoria, que no seu artigo 14, sinala:

“Artigo 14. Requisitos e criterios para a selección das persoas traballadoras

1. As persoas traballadoras que se contraten para a realización das obras e servizos, e polas que se outorgue a subvención, deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e estaren dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego.

Será a entidade beneficiaria da subvención a responsable de comprobar que, no momento do inicio da relación laboral, a persoa seleccionada estea inscrita na oficina de emprego como demandante non ocupada e dispoñible para o emprego.

2. As persoas traballadoras con contrato por tempo indefinido fixo discontinuo, inscritas como demandantes de emprego en calquera oficina de emprego de Galicia tamén poderán ser contratadas con cargo ás axudas previstas nesta orde, sempre que a súa contratación resulte posible en función da duración do contrato subvencionado e do contrato fixo discontinuo que teñan suscrito, así como da duración do período de non actividade.

3. As persoas traballadoras que fosen contratadas no programa Aprox Rural (TR351G), por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2025 pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no ámbito de colaboración coas entidades locais, non poderán ser contratadas con cargo ás axudas previstas nesta orde, agás que o fosen en concellos rurais de menos de 10.000 habitantes (padrón municipal de habitantes 2025. IGE).

4. As entidades beneficiarias da subvención solicitarán as persoas traballadoras que necesiten mediante a presentación de oferta de emprego na oficina pública de emprego, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir as persoas traballadoras que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados, debendo presentarse unha por cada categoría profesional dentro de cada ocupación, que deberá responder á codificación prevista no Catálogo nacional de ocupacións (CNO), de conformidade cos seguintes principios xerais:

a) A oferta, na súa formulación, non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación que non responda aos criterios preferenciais establecidos no número seis ou se traten de favorecer os colectivos enumerados neste. Deberá utilizar unha linguaxe inclusiva, con especial atención na eliminación dos estereotipos de xénero, tanto na súa redacción como nas imaxes que acompañen a publicación.

b) En ningún caso poderá incluírse nin admitirse como criterio de emparellamento a posesión de experiencia laboral.

c) Poderán admitirse como criterios de emparellamento os relativos á titulación, formación e outro



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

2026/E001/000005

Ref.: LLA

tipo de coñecementos, sempre que estean xustificados no expediente de solicitude e sexan coherentes coa resolución de concesión.

d) As entidades locais deberán presentar as ofertas, preferentemente, cunha antelación mínima de 15 días hábiles á data prevista para realizar as correspondentes contratacións, na oficina pública de emprego que corresponda ao enderezo do centro de traballo do posto ou postos ofertados. Cando unha entidade dispoña de centros de traballo que se correspondan co ámbito territorial de máis dunha oficina de emprego, poderá concentrar a tramitación de todas as ofertas na oficina a que lle correspondan máis postos de traballo ofertados.

5. Recibida a oferta, realizarase unha sondaxe de demandantes en función das súas características, atendendo á maior adecuación ao posto de traballo ofertado, proporcionando, de ser posible, o número de persoas candidatas por posto de traballo que solicite a entidade beneficiaria, que en ningún caso poderá ser inferior a dúas nin superior a dez. A remisión de novas persoas candidatas só procederá cando a entidade xustifique documentalmente a súa necesidade por incumprimento dos requisitos da oferta ou por rexeitamento voluntario ou incomparecencia das remitidas.

6. Terán preferencia as persoas que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral e, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, tales como:

a) Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego; programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandería e xardinaría.

b) Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.

c) Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual.

d) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.

e) Persoas paradas de longa duración.

f) Persoas con discapacidade.

g) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.

h) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.

i) Persoas trans.

j) Persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendendo por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

2026/E001/000005

Ref.: LLA

ou menores en acollemento.

7. Excepcionalmente, logo de solicitude debidamente xustificada por parte da entidade, e da preceptiva autorización expresa da persoa responsable do respectivo departamento territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, poderán utilizarse ofertas especiais con vinculación nominal. As persoas seleccionadas polo procedemento descrito neste número deberán, en todo caso, cumprir os requisitos establecidos polos números 1 ou 2, e 3 deste artigo.

8. As persoas candidatas serán remitidas á entidade beneficiaria co fin de que esta realice a selección definitiva, que lle deberá ser notificada, para o seu coñecemento, á correspondente oficina de emprego.

9. As incidencias e reclamacións que se poidan suscitar, derivadas dos procesos de selección, serán resoltas pola entidade promotora.

10. Ao tratarse dun programa encadrado no marco das políticas activas de emprego que busca incrementar a empregabilidade das persoas desempregadas, no proceso de selección seguiranse os criterios establecidos polo Servizo Público de Emprego de Galicia para a cobertura de ofertas de emprego, polo que non será aplicable a normativa establecida para os procedementos de selección do persoal das distintas administracións públicas; as persoas traballadoras seleccionadas non se considerarán incluídas nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo e, consecuentemente, non será precisa oferta de emprego público previa.

As entidades locais non poderán exixir o pagamento de cantidades, por ningún concepto, ás persoas candidatas que se vaian seleccionar.

11. As contratacións que se realicen non poderán ter por obxecto cubrir postos de traballo vacantes na relación de postos de traballo da entidade beneficiaria.”

5. Procedemento de selección.

A entidade local beneficiaria deberá solicitar as persoas demandantes non ocupadas mediante a presentación dunha oferta de emprego específica nunha oficina de emprego da Xunta de Galicia, con suxeición ao establecido no artigo 14 da Orde, antes transcrito.

A persoas remitidas pola oficina de emprego serán convocadas para a realización das probas do proceso selectivo que se recolle nestas bases; indicárase a documentación coa que deben vir provistos, de selo caso.

6. Presentación de oferta de emprego no Servizo Público de Emprego.

Remitírase na forma e prazos especificados na Orde da convocatoria, así como na resolución de concesión de subvención e cos requisitos que dita Orde explicita, unha Oferta para determinar o número de candidatos/as a remitir polo Servizo Público de Emprego (art. 14 da Orde de 22 de xaneiro de 2026, DOG núm. 24, do 05/02/2026).

7. Comisión Seleccionadora.

O órgano de selección -integrado por persoal funcionario de carreira e persoal laboral fixo da entidade local- estará formado polos membros seguintes, todos eles con voz e voto:



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

2026/E001/000005

Ref.: LLA

Presidente titular: Evaristo Aneiros Pita

Presidente suplente: José Sanjurjo Paz

Secretaria titular: Ana Isabel Caaveiro Franco

Secretaria suplente: Noelia Tembrás Tembrás

1º Vogal titular: Pablo José Lozano Pardiño

1º Vogal suplente: Ernesto Gancedo Herreras

2ª Vogal titular: Margarita Rivera Piñeiro

2ª Vogal suplente: Martina Gómez Martínez

3º Vogal titular: José Cabaleiro Franco

3º Vogal suplente: Brais Doval Pazos

8. Criterios a valorar no proceso selectivo.

8.1. Será criterio preferente a adecuación ao posto de traballo dos aspirantes, dentro da valoración xeral do perfil profesional que figure no Servizo Público de Emprego.

A Comisión Seleccionadora decidirá por maioría o xeito de adxudicación en función do citado perfil. Realizarase un exercicio oral e/ou práctico ao persoal remitido pola oficina de emprego, que consistirá na formulación de dez (10) preguntas e/ou probas prácticas sobre algunha das materias ou cometidos seguintes:

- 1º) Procesos de traballo dun peón: ferramentas, equipos, materiais e medios auxiliares.
- 2º) Recoñecemento de ferramentas utilizadas en desbroce.
- 3º) Manexo de cargas: tipoloxía e modalidades de utilización.
- 4º) Mantemento de xardíns. Segar e acumulación de materiais.
- 5º) Mantemento de cunetas e zanzas.

8.2. Os/as aspirantes que non posúan acreditación CELGA 1 ou equivalente (ou superior) terán que realizar un exercicio de conversación, de duración non superior a dez minutos, que se cualificará como **apto/a** ou **non apto/a**, sendo a cualificación de **non apto/a** causa de eliminación do proceso selectivo.

As persoas aspirantes respecto das que non figure no currículo/expediente o nivel de CELGA deberán achegalo o día da celebración do exercicio da fase de oposición.

9. Cualificación e proposta de contratación.

Cada pregunta ou proba será puntuada entre cero (0) e un (1) puntos, resultando preciso obter unha puntuación mínima de cinco **(5) puntos para superar o exercicio.**

As dúas persoas aspirantes que, tendo superado o exercicio e, de ser o caso a proba de galego, obtivesen a maior puntuación serán propostas para a súa contratación.

10. Lista de espera.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

2026/E001/000005

Ref.: LLA

Coas restantes persoas aspirantes que acadasen un mínimo de cinco (5) puntos e superasen, de ser o caso, a proba de galego, constituirase unha lista de espera, á que acudir, chegado o caso, para cubrir eventuais baixas ou renuncias das persoas propostas e/ou contratadas, sempre que se cumpran as circunstancias e requisitos do artigo 17 da Orde do 22 de xaneiro de 2026, publicada no DOG (art. 14 da Orde de 22 de xaneiro de 2026, DOG núm. 24, do 05/02/2026).

As persoas integrantes da lista de espera que renunciem ao chamamento, pasarán ao último lugar da lista, agás que esta renuncia estea motivada por atoparse de baixa (incapacidade temporal), ou nas situacións protexidas de maternidade ou paternidade, supostos nos que non se perderá a posición.

11. Reclamacións e recursos.

Contra as cualificacións de cada exercicio efectuado polo Tribunal poderán reclamar os interesados perante este no prazo dos dous días naturais seguintes ao de ser publicados.

Contra a proposta de aprobados, publicación de lista de espera, etc. efectuada polo órgano de selección, poderá interpoñerse o recurso de alzada regulado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo dun mes, perante a concelleira-delegada da Área de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá, ou perante a Alcaldía.

Contra a Resolución da concelleira-delegada de Área de contratación das persoas aspirantes seleccionadas, lista de espera, etc., cabe interpor recurso potestativo de reposición perante a dita concelleira no prazo dun mes; ou, directamente, recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, diante da Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia de Ferrol Praza nº1, ou, á súa elección, o Xulgado da circunscrición na que aquela teña o seu domicilio.

12. Presentación da documentación.

As persoas aspirantes seleccionadas deberán presentar a documentación acreditativa do cumprimento das condicións esixidas na Base Cuarta no prazo de dous días hábiles, a contar dende a publicación da lista coa puntuación final e a proposta de contratación.

Cumpridos os anteriores requisitos, pola concelleira-delegada de Área procederase á contratación, sempre que se acredite a existencia de crédito suficiente.

13. Impugnación.

As presentes bases poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

14. Norma final.

En todo o non previsto nestas bases estarase ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local; no texto refundido da Lei do Estatuto do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, no texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; na Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, e na normativa de desenvolvemento da lexislación indicada.

As Pontes de García Rodríguez, na data da sinatura dixital.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

2026/E001/000005

Ref.: LLA

A concelleira-delegada da Área de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá

Ana María Pena Purriños”

3º) Remitir a correspondente oferta á Oficina Pública de Emprego

4º) Publicar a presente convocatoria e as súas bases no taboleiro electrónico municipal e na páxina web do concello.

As Pontes de García Rodríguez, na data da sinatura dixital

A alcaldesa en funcións

Elena López Seco